

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 09.11.2017      Hora: 16:00

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 9 de novembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.    Proposicións non de lei**

- 1.1           6749 (10/PNC-000680)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coas deficiencias detectadas na prestación do servizo de transporte  
sanitario terrestre e os dereitos laborais dos traballadores  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 1.2           11053 (10/PNC-001150)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no  
concello de Gondomar  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017*
- 1.3           13379 (10/PNC-001254)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a  
regulación das xubilacións anticipadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017*
- 1.4           16118 (10/PNC-001379)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis  
Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención  
farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración  
dunha guía farmacoterapéutica común  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017*
- 1.5           17338 (10/PNC-001439)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o  
mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa  
competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da



Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*

- 1.6            17408 (10/PNC-001445)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*
- 1.7            19113 (10/PNC-001540)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da detección, diagnose e tratamento da síndrome de Behçet, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 09.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 6749(10/PNC-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre e os dereitos laborais dos traballadores

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/03/2017 17:46  
Nº Rexistro: 6749  
Data envío: 16/03/2017 17:46:17.126

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás deficiencias na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre.

O transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, sacou a concurso en novembro de 2014, e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutir nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

A pouco máis dun ano da adxudicación deste concurso público os temores estanse a verificar en feitos, á investigación por parte do Xulgado de Instrución número 2 de Santiago de Compostela, por si podo haber prevaricación, información privilexiada e tráfico de influencias na adxudicación do concurso, temos que engadir



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2017 17:46**  
**Nº Rexistro: 6749**  
Data envío: 16/03/2017 17:46:17.126

que @s traballadores/as das empresas adjudicatarias están a denunciar o incumprimento do convenio, as malas condicións de moitas das bases ou o empeoramento da calidade asistencial, co uso de ambulancias concertadas como de apoio, ou as deficiencias na central de chamadas do 061.

Ás demandas laborais hai que engadir as denuncias do uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias. Vehículos de apoio, nos que só vai un/unha condutor/a, que deben estar para traslados non vitais, é decer non poden socorrer a emerxencias, están sendo enviadas a cubrir urxencias, non de xeito excepcional, senón que se está a converter en algo habitual. Existencia dun número de vehículos inferior aos contemplado no prego, ausencia de rotulación como prestadores de servizo para a administración pública, incumprimento da exclusividade na prestación do servizo...

Utilizar ambulancias de apoio de forma continuada como propias do servizo de urxencias, constitúe risco, en primeiro lugar para @s usuari@s, porque se lle presta unha atención deficiente e para o persoal unha situación de tensión, presión e vulnerabilidade, ao ter que enfrontarse a situacións que non poden resolver.

Denuncian tamén @s traballadores/as unha situación totalmente precarizada na central de chamadas do 061, con unha carga de traballo insoportábel, quendas de traballo moi longas, comunicación das ambulancias coa central a través da mesma liña telefónica que d@s doentes...Todas estas situacións non se producen dun xeito puntual, senón que se teñen convertido nun problema estrutural, de xeito que na vez de ser o servizo un dinamizador do sistema, convértese nun pescozo de botella.

Estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2017 17:46**  
**Nº Rexistro: 6749**  
Data envío: 16/03/2017 17:46:17.126

calidade asistencial. Os incumprimentos danse por parte das empresas adjudicatarias, mais a responsabilidade desta situación é a propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adjudicación de servizos sanitarios.

-Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-Que esixa o cumprimento das condicións establecidas no concurso do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, concertado, e de central de chamadas, ás empresas adjudicatarias dos mesmos.

-Que impida o uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias.

-Que esixa a dotación do número de ambulancias establecidas no prego de condicións, así como a súa rotulación como prestadoras do servizo público do Sergas.

-Que esixa a dotación de persoal suficiente, tanto en número como en cualificación, establecido nos pregos.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2017 17:46**  
**Nº Rexistro: 6749**  
Data envío: 16/03/2017 17:46:17.126

-Que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario urxente terrestre,concertado e da central de chamadas.”

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2017 17:39:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2017 17:39:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2017 17:39:18**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2017 17:46**  
**Nº Rexistro: 6749**  
Data envío: 16/03/2017 17:46:17.126

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/03/2017 17:39:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2017 17:39:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2017 17:39:28**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 11053(10/PNC-001150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no concello de Gondomar

*Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/06/2017 18:23  
Nº Rexistro: 11053  
Data envío: 26/06/2017 18:23:39.986



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos orzamentos, a Consellería de Sanidade unicamente dotou a partida para centros de saúde en toda Galicia en 5.7 millóns de euros. Unha cifra moi baixa que apenas serviría para cubrir a demanda de dous centros de saúde e que amosa unha descapitalización na capacidade de dotar de infraestruturas sanitarias necesarias aos diferentes concellos que así o precisen. As cifras tampouco melloran para a partida de equipamento dos centros de saúde, onde están destinados para toda Galicia 400.00 euros.

No caso de centro de saúde de Gondomar, que leva reclamándose dende fai dúas lexislaturas, xa no 2012 diferentes colectivos, persoas e plataformas, denunciaron os recortes sobre o proxecto do centro de saúde que unidos á irresponsabilidade da Xunta pola perda dos fondos europeos destinados á construción de centros de saúde, supoñen unha situación intolerable para as veciñas e veciños do concello.

Con todo, o proxecto aínda non está en marcha, polo que existe capacidade para a modificación do proxecto inicial e axeitalo as necesidades do concello e as propostas que as e os profesionais puxeron sobre a mesa en relación ao Plan de mellora de atención primaria.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/06/2017 18:23**  
**Nº Rexistro: 11053**  
Data envío: 26/06/2017 18:23:39.986



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a por en marcha, no menor tempo posible, a construción dun centro de saúde que asuma todas as necesidades sanitarias do concello de Gondomar.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 26/06/2017 18:14:57**

**Luis Villares Naveira na data 26/06/2017 18:15:04**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 13379(10/PNC-001254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a regulación das xubilacións anticipadas

*Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2017 13:18**  
**Nº Rexistro: 13379**  
Data envío: 01/08/2017 13:18:05.243

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás necesarias modificacións legislativas para a modificación dos coeficientes redutores aplicados ás xubilacións anticipadas.

A Confederación Estatal de Asociacións e Federacións de Prexubilad@s e Xubilad@s de Telefónica (CONFEDETEL) da que e parte a Asociación de Prexubilad@s e xubilad@s de Telefónica (APRETEL) de Pontevedra e Ourense, e a Confederación Estatal de Prexubilad@s e Pensionistas (CEPYP) representan a prexubilad@s e pensionistas en todo o ámbito do Estado. Ambas as organizacións naceron por mor da falla de protección normativa suficiente para un novo sistema de cesamentos de contrato laboral coñecido por prexubilacións. Representantes destas asociacións puxéronse en contacto co BNG, para solicitarnos a presentación da seguinte iniciativa, no obxectivo de modificar a situación.

As Cortes de Aragón, a Xunta Xeral do Principado de Asturias, Andalucía e Castilla León aprobaron Proposicións non de Lei dirixidas ao Goberno do Estado co fin de dignificar as pensións daqueles/as xubilad@s anticipad@s con longas carreiras de cotización. Sabemos que en Madrid, Valencia, Navarra, Cataluña, e Illas Canarias están presentados a trámite un documento similar. Estase xestionando na mesma liña no País Vasco, Castela A Mancha, Galiza, Estremadura, Illas Baleares, Cantabria. A Rioxa e Murcia, pendentes de comezar xestións.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2017 13:18**  
**Nº Rexistro: 13379**

Data envío: 01/08/2017 13:18:05.243

O artigo 41 da Constitución configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta @s xubilad@s anticipad@s, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma. Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas correspóndese coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores @s xubilad@s anticipad@s, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requirimentos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos @s xubilad@s anticipad@s.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando @ afectad@ cotízase 40 ou máis anos.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión.

O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español, para demandarlle as seguintes actuacións:

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada. Aplicarase unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos. A Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación @s que se atopan penalizad@s antes da promulgación da citada Lei e @s futur@s pensionistas.

Para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só computarase o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

- Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade d@ interesad@ nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte @ traballador/a para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2017 13:18**  
**Nº Rexistro: 13379**

Data envío: 01/08/2017 13:18:05.243

texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que @ pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

- O previsto na presente proposición non de lei non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables @ traballador/a, previstos no artigo 207.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2017 13:18**  
**Nº Rexistro: 13379**

Data envío: 01/08/2017 13:18:05.243

**María Montserrat Prado Cores na data 01/08/2017 13:06:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/08/2017 13:06:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/08/2017 13:06:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/08/2017 13:06:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2017 13:06:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2017 13:06:46**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 16118(10/PNC-001379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis

Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común

*Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017*

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### **Exposición de motivos**

A Guía Farmacoterapéutica (GFT) é resultado dun proceso continuo no que os profesionais da saúde, a través da Comisión de Farmacia e Terapéutica de cada centro, seleccionan e avalían os medicamentos en base a criterios de eficacia, seguridade e coste para ser incluídos no formulario de ese centro.

As características da poboación atendida nos centros socio-sanitarios esixe tamén seleccionar con este mesmo rigor os medicamentos a utilizar con criterios estreitamente relacionados con factores asociados á idade, cambios no comportamento farmacocinético dos medicamentos e factores que contribúen ao incumprimento da prescripción, maior incidencia de reaccións adversas neste grupo de poboación, así como a dificultade para a administración e o cumprimento.

Se ben e certo e é recoñecido o impulso e esforzo realizado a través dos convenios con este tipo de residencias e o Sergas no sentido de outorgar unha atención farmacéutica segura e eficaz, e con ánimo de seguir avanzando e mellorando as



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2017 16:55  
Nº Rexistro: 16118  
Data envío: 12/09/2017 16:55:57.577

prestacións e servizos sanitarios á poboación galega, para o que esta ferramenta tan utilizada podería ser de gran utilidade.

A Consolidación deste Programa de Atención Farmacéutica nos centros sociosanitarios en Galicia podería ser complementado mediante a elaboración dunha Guía Farmacoterapéutica común no Servizo Galego de Saúde para os usuarios institucionalizados en centros sociosanitarios supón un beneficio asistencial para os pacientes, xa que o seguimento da súa farmacoterapia realízase de forma individualizada baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, e ademais asegúrase a continuidade asistencial entre os diferentes niveis asistenciais aos que poden trasladarse os pacientes.

Polo tanto, por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar o Programa de Atención Farmacéutica nos centros sociosanitarios en Galicia, mediante a elaboración dunha Guía Farmacoterapéutica común”.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 12/09/2017 16:51:12**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 12/09/2017 16:51:22**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/09/2017 16:51:36**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2017 16:55  
Nº Rexistro: 16118  
Data envío: 12/09/2017 16:55:57.577**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 12/09/2017 16:51:45**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 12/09/2017 16:51:53**

**Marta Rodríguez Arias na data 12/09/2017 16:52:03**

**María Soraya Salorio Porral na data 12/09/2017 16:52:11**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/09/2017 16:52:19**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/09/2017 16:52:28**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 12/09/2017 16:52:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 17338(10/PNC-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

#### Exposición de motivos

A Casa da Xuventude de Vigo leva anos realizando unha función imprescindible para o colectivo de mozos e mozas da cidade: Punto de información xuvenil, expedición do Carné Xove (sendo o único centro en Vigo que ofertaba este servizo), xestión dos campamentos de verán, asesoramento laboral, trámite de becas, información de tempo libre e voluntariado, mesmo xestións administrativas de programas como o Camiño a Camiño que non é esencialmente un programa de mocidade. As profesionais do centro encargábanse de asesorar profesionalmente as mozas e mozos que buscaban o seu primeiro emprego.

Dende 2013, mediante unha concesión administrativa, a empresa Xoma era a encargada de levar adiante estes servizos cunha plantilla de 6 traballadoras (moitas delas subrogadas de anteriores empresas, con máis de 18 anos de traballo na atención e desenvolvemento de actividades de orientación e ocio xuvenil.

Ante o remate do contrato de concesión de catro anos (o 31 de agosto), a empresa requiriu información ao Concello de Vigo sobre as intencións futuras ao servizo: prorrogalo un ano, feito que permitía o prego da concesión, ou volver a sacar a concurso o servizo. A resposta do Concello de Vigo á concesionaria foi “que o



servizo desaparecía e non ía ser prorrogado. Ante este feito notificóuselle ás traballadoras, a principios de agosto, a apertura dun expediente de regulación de emprego de extinción dos seis contratos.

Ante preguntas do grupo municipal da Marea de Vigo á propia concelleira de xuventude, Uxía Blanco, informa que a partir do día 1 de setembro os servizos van seguir ofertándose na casa da xuventude cos tres empregados públicos: xefa de servizo, administrativo e técnico xeral que desempeñaban ate entón exclusivamente tarefas administrativas no edificio.

É evidente que ademais das súas funcións habituais, estes empregados públicos non poderán realizar a maiores o traballo de 6 persoas formadas e con experiencia en xestión de actividades e orientación xuvenil durante anos. Especialmente preocupante debería ser para a Xunta de Galicia o deterioro que pode significar nun servizo como a expedición do “carné xove”, ou actividades de orientación laboral, xestión de solicitudes de becas, etc... que por exemplo entre setembro de 2016 e xullo de 2017 atendeu a máis de 22.000 usuarios e usuarias.

Por todos estes motivos, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Poñer as medidas necesarias para que os servizos competencia da Xunta, como o Carné Xove, que se estaban a prestar na Casa da Xuventude sigan a ofertarse na cidade de Vigo.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/09/2017 11:11  
Nº Rexistro: 17338  
Data envío: 25/09/2017 11:11:10.754



2. Esixir ao Concello de Vigo o funcionamento correcto e continuado da OMIX (Oficina de Información Municipal Xuvenil) cumprindo o Decreto 50/2000 que regula a *Rede galega de información e documentación xuvenil de Galicia* e evitando o seu desmantelamento.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2017 11:08:06**

**Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 11:08:19**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 17408(10/PNC-001445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A profesión de Educador/a Social adquire rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

O Ministerio de Educación e Ciencia incorpora de maneira oficial a titulación de Educación Social tras a aprobación de Real decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo cal se establece o Título Universitario Oficial de Diplomatura en Educación Social, proporcionando de esta maneira a formación profesional básica ás/aos futuras/os profesionais, a

través da adquisición de capacidades, funcións e competencias adaptadas ao seu perfil profesional e aos contextos sociais onde a Educación Social está chamada a actuar.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Como profesión de carácter pedagóxico que desenvolve a súa actividade nunha gran variedade de contextos sociais, entre os que está o educativo, desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir, o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en practicamente todas as Comunidades Autónomas (en Galicia dende o 2001), así como a creación do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, no ano 2006.

A falta de regularización da profesión fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector. Este descoñecemento implica que con frecuencia se asignen a outras/os profesionais do ámbito social, funcións propias das educadoras e educadores sociais.

Estas circunstancias poñen de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión da Educación Social como instrumento que visibilice, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade.

O colectivo de educadoras e educadores sociais, así como outras cidadás e cidadáns, teñen presentado multitude de solicitudes de petición de regularización da profesión de Educación Social a través dunha lei. Moitas entidades e institucións manifestaron tamén o seu apoio a esta iniciativa, entre os que se pode mencionar a modo de exemplo a Deputación de Jaén, Deputación de Sevilla, Deputación de Córdoba, Deputación de Almería, Deputación de Cádiz, Deputación de Segovia, Deputación de León, Deputación de Valladolid, Cabildo de Gran Canaria, Universidade de Estremadura, Facultade de Educación da Universidade de Salamanca, Facultade de Educación do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), Parlamento de Navarra, Cortes de Aragón, así como numerosos concellos nas diferentes comunidades autónomas.



**Grupo Parlamentario**

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei galega de profesionalización da Educación Social.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado á regularización da Profesión da Educación Social a nivel estatal, a través dunha Lei de profesionalización da Educación Social.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 25/09/2017 16:46:25**

**Julio Torrado Quintela na data 25/09/2017 16:46:32**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/09/2017 16:46:36**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 25/09/2017 16:46:43**



PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/09/2017 16:47**  
**Nº Rexistro: 17408**

Data envío: 25/09/2017 16:47:41.634



---

 Grupo Parlamentario

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2017 16:46:47**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 09.11.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.7 19113(10/PNC-001540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da detección, diagnose e tratamento da síndrome de Behçet, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas

*Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 19113  
Data envío: 19/10/2017 16:20:24.373



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O síndrome de Behçet está catalogado como enfermidade rara. Trátase dunha enfermidade autoinmune. Resumidamente defínese como unha vasculite multisistémica crónica que produce inflamación dos vasos sanguíneos dunha maneira recorrente. É de orixe descoñecida, aínda que se cre que aparece en persoas de xenética predispostas. O seu índice de prevalencia enmárcase en torno aos 5 ou 6 afectados por 100.000 habitantes.

Os que a padecen precisan de múltiples e custosos tratamentos a base de corticoides, inmunosupresores, pomadas, cremas, etc. A alternativa dos tratamentos biolóxicos é difícil de conquistar debido ao seu elevado coste, aínda que a súa eficacia é alta. A non existente de regulación homologada a este respecto provoca desigualdades en distintos lugares. Recorrer á sanidade privada, que podería solventar o problema, non é unha saída posible para moitos dos enfermos e non semella unha posibilidade que deba abrir o sistema público. Os copagos e compra de medicamentos ou tratamentos non financiados publicamente supoñen un gasto mínimo mensual de 150 euros por enfermo, que en moitas ocasións alcanza os 300 euros.

O descoñecemento da enfermidade, as dificultades para o diagnóstico e tratamento e a incerteza produce estados de ansiedade e malestar que conlevan agravamento da saúde dos pacientes. Isto únese aos complexos tratamentos e a necesidade de acudir a diferentes especialistas.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A diagnose e detección da enfermidade é difícil por ser, precisamente, unha enfermidade rara e por tanto complexa na detección para os e as profesionais, que se atopan especialmente saturados no seu traballo pola ausencia de contratación e substitución de persoal e as acumulacións que iso provoca nos profesionais activos. É necesaria unha maior formación e información, para facilitar o traballo dos/as profesionais de atención primaria na súa capacidade de detección de síntomas relacionados coa enfermidade de Behçet.

No que corresponde ao tratamento desta enfermidade non existe ningunha unidade de referencia multidisciplinar en Galicia que permita afrontar esta realidade con profesionais axeitados e coñecedores destas situacións e do seu tratamento, formados en técnicas e coidados avanzados e que poidan especializarse nas melloras e avances.

Respecto das súas consecuencias, esta enfermidade ten un forte carácter incapacitante nos casos que se van agravando. Non entanto esta incapacitación non está ben recoñecida en termos laborais, o que supón un problema de desigualdade no acceso ao traballo e o seu desenvolvemento.

A proposta do Grupo Socialista, o 17 de maio de 2017 aprobouse por unanimidade no Senado de España unha moción que instaba a diversas melloras na diagnose e tratamento desta enfermidade.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar seguimento e aplicación ás medidas e conclusións incluídas na moción presentada polo Grupo Socialista na Comisión de Sanidade e Servicios Sociais do Senado de España e aprobada por unanimidade.
2. Fomentar a formación e o acceso á información sobre a enfermidade de Behçet aos e ás profesionais do sistema público de saúde, co fin de mellorar a súa capacitación para detección e diagnose.
3. Establecer un protocolo de actuación para os casos que poidan ser detectados como posibles afectados da enfermidade de Behçet dentro do sistema público de saúde
4. Conformar unha unidade multidisciplinar de referencia en Galicia que permita mellorar e avanzar nos tratamentos aos doentes, e poida establecer criterios de avaliación sobre tratamento e medidas a desenvolver acerca dos afectados por esta enfermidade.
5. Demandar do Goberno de España a que estudie as melloras posibles no sistema de avaliación de incapacidades, para poder garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas.
6. Aumentar o investimento en investigación biomédica en Galicia, considerando de maneira especial aos grupos e liñas de investigación que atenden ás enfermidades raras e, de maneira específica, á enfermidade de Behçet.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/10/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 19113**  
Data envío: 19/10/2017 16:20:24.373



---

 [Grupo Parlamentario](#)

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 19/10/2017 16:16:56**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/10/2017 16:17:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2017 16:17:10**